

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2009**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 28 de xaneiro de 2009.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a rectificación de erro no acordo número 2/1209 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2008, polo que se concedía licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para legalización de nave para viveiro de plantas na estrada N-640, km 86,5, A Palloza-Santa María de Muxa.

Acórdase denegar a licenza de instalación da actividade dun almacén de materiais de construción nas Regas, núm. 10, San Salvador de Muxa.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para modificación do edificio con licenza número 888/06, sito na rúa Menorca/rúa Milagrosa, nº 6-8-10-12; para ampliación de superficie sen modificar o seu uso, no edificio con licenza anterior nº 510/06, sito na rúa Pontevedra, nº 10-12; para substitución de cuberta na vivenda unifamiliar tradicional existente sita no núcleo rural tradicional de Barcia parroquia de Mazoi; para acondicionamento, no lugar de San Cibrao-Santiago de Castelo, de parte de predio, a través de recheo; para reforma de vivenda unifamiliar en ringleira con modificación de pendente da cuberta e aproveitamento do espazo

baixo cuberta, na edificación con licenza número 142/69, sito na rúa Mariscal Pardo de Cela, número 16; para reforma de vivenda unifamiliar en ringleira con modificación de pendente da cuberta e aproveitamento do espazo baixo cuberta, na edificación con licenza número 142/69, sito na rúa Mariscal Pardo de Cela, número 14; e para reforma de vivenda unifamiliar en ringleira, sita na rúa Padre Sarmiento, número 16.

Así mesmo, acórdase denegar as licenzas seguintes: para construción de muro de contención, en Cal de Peón; para legalización de entresollado e accesos ó local que o contén e obras de acondicionamento de local de planta baixa e entresollado para uso administrativo na edificación construída con licenza número 227/90, sito na rúa Aquilino Iglesias Alvariño, nº 21; para construción dunha vivenda unifamiliar, non vinculada a explotación agrícola, en San Matías - O Veral; e para construción dunha vivenda unifamiliar, non vinculada a explotación agrícola, en Piúgos.

**3. PERSOAL.-** Acórdase aprobar as bases e proceso selectivo para a contratación de persoal no marco do Plan de inserción laboral e emprego social do Concello de Lugo (PILES 2009).

Igualmente, acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito a Arquitectura, e apróbase a forma de compensación.

E, tomouse razón dos servizos extraordinarios realizados por persoal do Fogar do Transeúnte, e apróbase a forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase aprobar a revisión de prezos para a actualización do contrato administrativo correspondente á prestación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo para o período que vai dende o 12 de xullo de 2007 ata o 11 de xullo de 2008; e a revisión de prezos para o período comprendido entre o 21 de decembro de 2008 e o 20 de decembro de 2009 para a actualización do contrato administrativo, correspondente ó servizo de mantemento das aplicacións do sistema integral de xestión municipal.

Tamén se acorda aprobar a prórroga e a revisión de prezos para o período comprendido entre o 24 de xaneiro de 2009 e o 23 de xaneiro de 2010, correspondente ó contrato asinado coa empresa adxudicataria da execución do programa de intervención e pedagóxico “Aprende xogando”.

Acórdase aprobar os pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación do servizo de transporte de nenos/as dende o Carqueixo ata as escolas infantís da cidade de Lugo, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a adxudicación provisional da contratación da subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida para o CPD do Concello de Lugo mediante arrendamento financeiro.

Do mesmo xeito, acórdase a contratación do alugamento de piso mediante subarrendo e a aprobación do gasto.

Igualmente, acórdase adxudicar provisionalmente a contratación da subministración e instalación dun sistema de xestión de control de presenza para o Concello de Lugo mediante arrendamento financeiro; e a contratación das obras de acondicionamento dos pasos peonís do Parque do Miño.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar a solicitude na que se interesaba a devolución das cantidades ingresadas por duplicado en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para desmonte e execución de muros de contención na parcela 4.1 da unidade de actuación CS-6.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Elevar a definitiva a adxudicación provisional da contratación da xestión do servizo público de axuda no fogar e comida no fogar no Concello de Lugo.
- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego Activo”, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 6 de febreiro de 2009  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García